

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **NON ASISTEN:**

D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Daniel Mallo Castro

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dous de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2023 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 22 de decembro de 2023 e á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de decembro de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria realizada en data 22 de decembro de 2023 e da sesión ordinaria realizada en data 26 de decembro de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, de modificación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2024 para modificar a base 12.4 do POS+ adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios. BOP núm. 245, do 27-12-2023.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTOS DOS LOTES 2 (SUBMINISTRACIÓN LOTES DE PRODUTOS NAVIDEÑOS) E 3 (SERVICIOS DE SENSIBILIZACIÓN, APOIO TÉCNICO E SEGUIMIENTO DA CAMPAÑA E SERVIZOS TECNOLÓXICOS RELACIONADOS COA MESMA) E DECLARACIÓN DA DESISTENCIA DA ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 (INSTALACIÓN E DINAMIZACIÓN DUN POBOADO DO NADAL E DISTRIBUCIÓN DAS ÁRBORES DE NADAL DE PROPIEDADE MUNICIPAL ENTRE OS ESTABLECIMENTOS PARTICIPANTES EN LA CAMPAÑA) DO CONTRATO MIXTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2023-2024 (TEDEC NÚM. 2023/C005/000010)**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 27 de decembro de 2023 (CVD: RpDG6c8AaP6I+hCdnMLr), que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente do contrato mixto (servizos e subministración) para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2023-2024 (TEDeC núm. 2023/C005/000010) aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 14.11.2023, que se divide en tres lotes:

- Lote 1: Instalación y dinamización de un Poblado Navideño y distribución de los árboles de Navidad de propiedad municipal entre los establecimientos participantes en la Campaña.
- Lote 2: Suministro lotes de productos navideños.
- Lote 3: Servicios de sensibilización, apoyo técnico y seguimiento de la Campaña y servicios tecnológicos relacionados con misma.

Vistas as propostas de acordo formuladas pola mesa de contratación o día 04.12.2023 polas que se declaran desertos os lotes 2 e 3 por falta de licitadores.

Vista que a mesa de contratación o día 05.12.2023 formulou proposta de adxudicación a prol do único licitador presentado no lote 1, VS1 PRODUCCIÓN CREATIVA S.L., no prezo ofertado de 38.594,04 euros sin IVA (46.699,00 euros IVA incluído), sen estar incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa.

Vista o informe emitido pola secretaria accidental o día 27.12.2023 (CVD: wNOPrRjh16A XuOzFqKrm) que, entre outras cousas, di:

“(…)

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

##### **Primeira.- Normativa aplicable.**

(…)

**Segunda.-** Examinada a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, así como os datos obrantes no certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que constan no expediente, despréndese que o licitador acredita a súa personalidade e capacidade así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e co Concello de Cambre (tanto na data final de presentación de ofertas (30.11.2023) como na data actual). Respecto das obrigas co Concello de Cambre consta no expediente informe emitido pola tesoureira municipal o día 27.12.2023 (CVD: MQdQ1i2gX2+I7FSPPOxH).

Respecto da solvencia técnica e adicional, consta no expediente informe emitido polo técnico en promoción económica o día 22.12.2023 (CVD: BeN5XMJeqaLsA0qmTGWo) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

Respecto da solvencia técnica e profesional, VS1 Producción Creativa S.L. acredita a xuízo do técnico informante o cumprimento da mesma coa documentación achegada.

(…)

Unha vez comprobada e analizada a documentación adicional aportada pola empresa VS1 Producción Creativa, S.L. sobre a Solvencia adicional. Relación de medios persoais e materiais que van e empregar na execución do contrato do expediente 2023/C005/000010, está é conforme e axustada a xuízo do técnico informante co indicado no PCAP.

(…)”

Consta no expediente o resgardo de fianza definitiva asinado pola tesoureira municipal o día 19.12.2023, nº de rexistro 1.134, por importe de 1.929,75 €.

Tamén consta no expediente declaración responsable de non estar incurso o licitador en prohibición de contratar e de contar cunha plantilla inferior a 50 traballadores.

Non obstante, o licitador proposto como adxudicatario non acredita estar ao corrente coas obrigas da seguridade Social na data de presentación de ofertas (30.11.2023).

Tampouco acredita a súa solvencia económica xa que non consta no expediente o depósito das contas anuais referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles, polo que non se acredita a solvencia económica.

Polo exposto, infórmase desfavorablemente a adxudicación do lote 1 desta contratación en tanto que o licitador proposto como adxudicatario non acredita nin dispoñer da solvencia económica nin estar ao corrente coas obrigas da seguridade Social na data de presentación de ofertas (30.11.2023).

**Terceira.-** A maior abundamento, a cláusula 9 do PCAP que rexe esta contratación establece o seguinte prazo de execución para este lote:

“La ejecución de las prestaciones se desarrollará durante los meses de diciembre de 2023 y enero de 2024. Concretamente, el Poblado Navideño deberá instalarse con anterioridad al 22 de diciembre de 2023 y retirarse antes del 15 de enero de 2024 y los árboles de Navidad de titularidad municipal deberán de repartirse entre los establecimientos participantes en la Campaña con anterioridad al 22 de diciembre de 2023 y recogerse y depositarse en la dependencias municipales antes del 15 de enero de 2024”.

(\* o subliñado é propio).

Dadas as datas nas que nos atopamos (27.12.2023) resulta imposible dar cumprimento ao establecido na citada cláusula 9 do PCAP, motivo polo cal se informa desfavorablemente a adxudicación do lote 1 desta contratación.

Se ben o criterio desfavorable da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación, deberá incorporarse ao expediente o informe de fiscalización, preceptivo, emitido pola Intervención municipal.

### CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto nas consideracións xurídicas segunda e terceira deste informe, **infórmase desfavorablemente** a adxudicación do lote 1 desta contratación. Expediente TEdC 2023/C005/000010.

Non obstante, de ser outro o criterio do órgano de contratación, deberá incorporarse ao expediente o informe de fiscalización, preceptivo, emitido pola Intervención municipal.

(...)

Visto o informe de fiscalización con reparo suspensivo emitido pola interventora municipal o día 27.12.2023 (CVD: h1YPr6JrRGK/3Gkk8W2W) que, entre outras cousas, di:

**“D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)**

**[ X ] Fiscalizado desfavorablemente con efectos suspensivos**

- **X\*.B: incumplimento da cláusula 17.1.9 PCA** xa que o licitador non acredita estar ao corrente coas obrigas da seguridade Social á data final de presentación de ofertas (30.11.2023). O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia emitido á data de 30.11.2023 e con respecto ao período 24.10.2023 – 24.04.2024 é de carácter negativo.
- Tendo en conta as datas nas que nos atopamos (27.12.2023) conséntase o **incumplimento das seguintes cláusulas:**

**a) 3.1.1.3. Calendario y condiciones de funcionamiento**

“El Poblado Navideño deberá estar operativo entre los días 22 de diciembre de 2023, en que se procederá a su apertura y el 6 de enero de 2024, en el que se procederá a su clausura, con el siguiente horario tentativo de encendido, para el caso de incorporarse iluminación u otros efectos a los mismos:

- Días ordinarios (lunes a jueves no festivos): será de 4 horas, entre las 17.00 y las 21:00 horas.
- Viernes, sábados y vísperas de festivo: será de 6 horas, entre las 17.00 y las 23:00 horas.
- Domingos y festivos: será de 6 horas, entre las 17.00 y las 23:00 horas.
- Días 24, y 31 de diciembre y 1 y 5 de enero: será de 8 horas, entre las 17.00 y las 01:00 horas del día siguiente. (...)

**b) 3.1.2.1. Servicio de Papá Noel**

- “Para recibir a los niños en la Casa de Papá Noel que se instalará en el Poblado.
- Estará acompañado de un elfo.
- Del día 22 al día 24 de diciembre de 2023, sustituyéndose a partir del día 25 de diciembre por un Buzón Real.
- Con los siguientes horarios: (...)

**c) 3.1.2.2. Actividades de animación y dinamización**

“(...)A título orientativo, se señalan las fechas y horarios de realización de las diferentes actividades de dinamización y animación, que podrán variarse atendiendo a un principio de coordinación, en función de la programación de otras actividades del Ayuntamiento: (...)”

**d) 9.LOTE 1**

“(...) La ejecución de las prestaciones se desarrollará durante los meses de diciembre de 2023 y enero de 2024.

Concretamente, el Poblado Navideño deberá instalarse con anterioridad al 22 de diciembre de 2023 y retirarse antes del 15 de enero de 2024 y los árboles de Navidad de titularidad municipal deberán de repartirse entre los establecimientos participantes en la Campaña con anterioridad al 22 de diciembre de 2023 y recogerse y depositarse en la dependencias municipales antes del 15 de enero de 2024”

**e) 19 Inicio del servicio.**

“El contratista adjudicatario deberá iniciar la ejecución del contrato con cumplimiento estricto de los días, horas y demás especificaciones previstas en el PPT para cada lote y servicio/suministro.(...)”

Asemade, as formalidades administrativas previstas na cláusula 18 PCA (Para la formalización del contrato se requiere que el licitador haya presentado los documentos acreditativos de tener suscrito el seguro de responsabilidad civil por riesgos profesionales exigido en la cláusula 23 del presente pliego. Por los técnicos responsables de la Axencia de Desenvolvemento Social (ADL) se informará respecto del cumplimiento de dicha circunstancia) e 19 PCA (Con carácter previo al inicio de la ejecución de la prestación, el responsable del contrato comprobará que constan en el expediente los seguros que resulten obligatorios para la ejecución del contrato, de conformidad con la cláusula 23, y toda aquella documentación a que se refieren

las prescripciones técnicas así como las condiciones especiales de ejecución de la cláusula 20 de este pliego. Con el fin de garantizar la seguridad del público asistente al poblado, antes de la puesta en funcionamiento del poblado navideño el responsable del contrato verificará que consta en el expediente la memoria acreditativa del cumplimiento de las condiciones de seguridad a que hace referencia la cláusula 2.2.1.3 del pliego de prescripciones técnicas, así como informe técnico emitido por funcionario/a municipal competente en la materia dando conformidad a dicha memoria. Con carácter previo al inicio de la ejecución del contrato, el responsable del contrato deberá comprobar que el contratista ha acreditado que dispone de los medios personales y materiales adscritos al mismo, y por lo tanto, figuran en el expediente de contratación los contratos y/o demás documentos relacionados en la cláusula 10 del PCAP (solvenia adicional), dejando constancia en el expediente.)

A **consecuencia inmediata** da imposibilidade de cumprir o prazo de execución da prestación correspondente ao Lote 1 **é que o valor estimado, e polo tanto o prezo, calculado na cláusula 2.10 do PPT deixa de ter validez por canto no mesmo incluíronse os custos laborais correspondentes a un número de horas de traballo que, obviamente, non se van a executar** como por exemplo: supervisión das actividades durante o resto da Campaña, do 22 de decembro ao 5 de xaneiro (52,5 horas aproximadamente); dinamización das actividades dedicación dunha persoa durante 75 para a coordinación as actividades durante a Campaña entre o 22 de decembro e o 5 de xaneiro; animación de talleres e outras actividades de dinamización dedicación de dúas persoas durante 75 horas para a realización de actividades de dinamización durante a Campaña, do 22 de decembro ao 5 de xaneiro”.

Visto que o artigo 152 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público permite que o poder adxudicador poida desistir do procedemento de adxudicación cando conorra unha infracción non subsanable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primero.-** Declarar desertos os lotes 2 -suministro lotes de produtos navideños- e 3 -servicios de sensibilización, apoio técnico y seguimiento de la Campaña y servicios tecnológicos relacionados con misma- do contrato mixto para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2023-2024 (TEDeC núm. 2023/C005/000010).

**Segundo.-** Desistir da adxudicación do lote 1 -instalación y dinamización de un Poblado Navideño y distribución de los árboles de Navidad de propiedad municipal entre los establecimientos participantes en la Campaña- desta contratación por incorrerse nunha infracción non subsanable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, de acordo co artigo 152 da LCSP.

**Terceiro.-** Deixar sen efecto a aprobación do gasto acordada na sesión da Xunta de Goberno Local o día 14.11.2023 por importe de 63.450,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 433 22699 e 433 48100.

**Cuarto.-** Devolver a VS1 Produccion Creativa SL a garantía definitiva por importe de 1.929,75 € cuxo *resguardo de fianza definitiva* foi asinado pola tesoureira municipal o día 19.12.2023, núm. de rexistro 1.134.

**Quinto.-** Notificar este acordo ao único licitador presentado, VS1 Produccion Creativa SL, e publicalo no perfil do contratante de este Concello, aloxado na Plataforma de contratación do Sector Público.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pon fin á vía administrativa.

A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente #ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo #ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 27 de decembro de 2023 (CVD: RpDG6c8AaP6I+hCdnMLr), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime Interior núm. 2067/2023, de data 21 de decembro e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 2106/2023, de data 27 de decembro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2067/2023	21-12-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de decembro de 2023
2068/2023	21-12-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de decembro de 2023
2069/2023	21-12-2023	Considerar desistida a MCC da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 14/02/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
2070/2023	21-12-2023	Considerar desistida a GNC da solicitude do servizo de axuda no fogar formalizada con data 07/02/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
2071/2023	21-12-2023	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a GCR con taxa de 0 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta será a partir do día seguinte a sinatura desta resolución
2072/2023	21-12-2023	Considerar desistido a LCG da solicitude do servizo de axuda no fogar formalizada en data 14/02/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
2073/2023	21-12-2023	Aprobar a nómina do mes de decembro cun total de retribucións brutas de 640.627,02 euros
2074/2023	21-12-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MAFP e JJFP co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas en polígono de Cambre, Cambre, consistentes na construción dun peche sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
2075/2023	21-12-2023	Ordenar á entidade PL consulting S.L que derrube o peche realizado na parcela sita en Pastel Pravio, xa que non cumpre os recuamentos ao eixo



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		do camiño público municipal 1C.1.0092, que determinan o artigo 41 en relación co anexo VI das Normas subsidiarias de planeamento municipais, de acordo co disposto polo artigo 152.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
2076/2023	21-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación dun poste de madeira no lugar da Cabana e substitución de dous postes existentes nos lugares de Seoane e As Gamelas, parroquia de Anceis, para realizar unha migración tecnolóxica da rede de cobre a unha nova rede de fibra óptica, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas nas autorizacións da Deputación Provincial da Coruña do 21 de xuño de 2022, de Augas de Galicia do 14 de novembro de 2022, e da Axencia Estatal de Seguridade Aérea do 10 de abril de 2023. Solicitante: TdeE, SAU
2077/2023	21-12-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 162.985,15 euros con reparo suspensivo Informado pola intervención municipal con data 12.12.2023
2078/2023	21-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución de dous postes de madeira existentes no lugar de Castrobó, parroquia de Anceis, e no lugar dos Campóns, parroquia de Sigrás, para posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Deputación Provincial da Coruña, do 4 de xullo de 2023. Solicitante: TdeE, SAU
2079/2023	21-12-2023	Poñer en coñecemento dos herdeiros de MDA que, téndose declarado o desistimento do comunicante no expediente Núm. 2021/U026/000383 mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 3 de xuño de 2022, ao non ter rectificadas as deficiencias detectadas dentro do prazo concedido, as obras comprendidas no citado expediente atópanse a día de hoxe pendentes de regularización, debendo a tal fin presentar nova comunicación previa xunto coa documentación preceptiva, ao ser estas legalizables, tal e como se indica no informe da arquitecta técnica municipal do día 22 de setembro de 2023. Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 3 de xuño de 2022
2080/2023	22-12-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 31.238,82 euros con reparos suspensivos da intervención municipal
2081/2023	22-12-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 224, letra D no cemiterio municipal de Cambre ao obxecto de inhumar o cadáver de JSA falecido o día 22 de novembro de 2023 e cuxos restos mortais foron depositados en dito nicho en data 24 de novembro de 2023. Solicitante: JMSP
2082/2023	22-12-2023	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 173, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de AMPR, falecida o día 29 de novembro de 2023, informándolle que os titulares das urnas deberán compartir obrigatoriamente o dereito funerario do uso do cinceiro, se o houbera, no correspondente panteón. Solicitante: ASP
2083/2023	22-12-2023	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 173, letra B, no cemiterio municipal de Cambre co fin de inhumar o cadáver de BdeMG, falecido o día 4 de decembro do 2023,

		informándolle que os titulares das urnas deberán compartir obrigatoriamente o dereito funerario do uso do cinceiro, se o houbera, no correspondente panteón. Solicitante: BdeMB
2084/2023	22-12-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 76, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada ao obxecto de inhumar os restos de RNL falecido o día 4 de decembro de 2023 e que foi inhumado en dito nicho en data día 7 de decembro de 2023. Solicitante: MPMB
2085/2023	22-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de catro postes de fibra destinados a proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita na rúa Sixto, parroquia de Cambre. Solicitante: TdeE, SAU
2086/2023	22-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a construción de dúas arquetas e execución dunha canalización de 35 metros lineais co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á nave sita no lugar da Rocha, parroquia de Anceis. Solicitante: TdeE, SAU
2087/2023	22-12-2023	Iniciar expediente sancionador a DVM como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, consistentes en ouriñar na fachada do Museo Municipal, tipificada no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato publico, propoñéndose unha sanción de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.1 da citada norma.
2088/2023	22-12-2023	Aprobar a relación de establecementos admitidos para participar no XV Concurso de Escaparates de Nadal do Concello de Cambre 2023
2089/2023	22-12-2023	Impoñer a APG e OICM unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, polo incumprimento da orde de derrubamento ditada mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 14 de outubro de 2021, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, ata acadar o cumprimento da citada orde de demolición, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
2090/2023	22-12-2023	Comparecer no procedemento ordinario 153/2023 perante o Xulgado do Social número 1 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, interposición de demanda de reclamación de dereitos e cantidades fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Cambre de JALM
2091/2023	22-12-2023	Avocación competencias da concelleira delegada da área de Benestar Social os días 27 e 29 decembro de 202, e os días 2, 3, 8 e 9 de xaneiro de 2024
2092/2023	22-12-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CNRR e aos herdeiros de FAP ernando Alba Puente para a poda das árbores existentes na finca sita en Lugar de A Cabana, Anceis, Cambre que afectan infraestruturas eléctricas e invaden parte do camiño municipal 1C.1.0307, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2093/2023	22-12-2023	Iniciar expediente de orde de execución a RH para a poda das árbores existentes na finca sita en Lugar de Pena da Nosa Señora, Cambre que invade a vía pública, afectando a infraestruturas de eléctricas e de telecomunicacións, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservarlos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
2094/2023	22-12-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de decembro de 2023
2095/2023	22-12-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais unha subvención de 22.013,44 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023
2096/2023	22-12-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 13.366,00 euros a favor da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, en concepto de primeira achega do Concello de Cambre correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2022/2023
2097/2023	22-12-2023	Iniciar expediente administrativo de reclamación de pagos indebidos á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA): Pago duplicado da taxa de 2.494,75 euros pola publicación de anuncio no Diario Oficial de Galicia
2098/2023	22-12-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro unha subvención por importe de 16.776,00 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2022/2023
2099/2023	22-12-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais Brexo - Lema do CEIP Emilio González López unha subvención por importe de 18.211,91 para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Brexo - Lema do CEIP Emilio González López, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023
2100/2023	22-12-2023	Asignar o número 1 á parcela e vivenda situada na rúa Ponte das Insuas, CP 15660, Cambre
2101/2023	26-12-2023	Aprobar as condicións da subcampaña do "Rasca e gaña no Nadal 2023 - 2024" encadrada dentro da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal do Concello de Cambre
2102/2023	27-12-2023	Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda e Réxime Interior efectuada a prol da terceira tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta área do día 2 ao 9 de xaneiro de 2024, ambos os dous

		incluídos
2103/2023	27-12-2023	Aprobar as facturas por importe de 66.550,00 euros
2104/2023	27-12-2023	Complementar en 4 euros a axuda económica de emerxencia social concedida a CCRde M destinada ao pagamento dunhas lentes correctoras
2105/2023	27-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: LCS
2106/2023	27-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: RAM

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo